



Os coautores da obra gañadora, Verónica Martínez e Alberto Momán, foron agasallados con olería de Buño

RAÚL LOPEZ



O arousán Ramón Neto (d.) presentou a súa obra galardoada en 2013

RAÚL



Asistentes á Cea das Letras celebrada o sábado na Cunca de Buño

RAÚL

A obra “O episodio” faise co noveno premio de Poesía Erótica de Malpica

O xurado decantouse por esta “arriscada” proposta de Verónica Martínez e Alberto Momán de entre un total de 24 presentadas

REDACCIÓN MALPICA

Verónica Martínez Delgado e Alberto Momán Noval son os recentes gañadores da novena edición do Certame de Poesía Erótica “Illas Sisargas” que se encarga de convocar cada ano a Asociación Cultural Caldeirón coa colaboración do Concello de Malpica. O fallo do xurado deuse a coñecer este pasado sábado pola noite no transcurso da tradicional Cea das Letras celebrada nesta ocasión no restaurante A Cunca de Buño.

O poeta Paco Souto, en representación de Caldeirón; o técnico municipal de Cultura, Antón Noceda, por parte do Concello, e o gañador da pasada edición, o arousán Ramón Neto, elixiron como gañadora desta edición a obra presentada por ámbolos

dous autores titulada “O episodio”, unha proposta “arriscada” como definiron os propios membros do xurado e que foi seleccionada de entre un total de 24 creacións, o que supuxo este ano todo un récord de participación para o certame malpicán.

Dáse a casualidade de que os dous galardoados xa foron recoñecidos anteriormente no marco desta mesma iniciativa, xa que o escritor e enxeñeiro técnico agrícola Alberto Momán (Ferrol, 1976) fíxose co segundo premio “Illas Sisargas” do ano 2007 polo poemario “Baile Átha Cliath”, mentres que a tamén escritora e licenciada en Historia da Arte Verónica Martínez (Valdoviño, 1976) recibiu unha mención especial en forma de accésit por “Ode á Madison Ivy e outras cousas de meter” na edición do pa-

TODO UN CERTAME DE REFERENCIA TRAS NOVE ANOS DE TRAXECTORIA

Malpica convértese cada ano na capital da poesía erótica con motivo da celebración deste certame que alcanza xa a súa novena edición como todo un referente, e que lle permite a Caldeirón seguir sumando novos títulos á súa xa extensa colección, que ademais de accésits está conformada por case unha decena de obras gañadoras: “Arredor do teu corpo” de

Antonio García Teijeiro (2006), “Baile Átha Cliath” de Alberto Momán (2007), “Xoguetes póstumos” de Enma Pedreira (2008), “Rúa da cancela” de Eli Ríos e Eduardo Estévez (2009), “Amantes” de María Lado (2010), “Carnia Haikai” de Elvira Riveiro (2011), “Chamádeme Eva” de Mercedes Leobalde (2012), “Dominio público” de Ramón Neto (2013) e “O episodio” de Verónica Martínez e Alberto Momán (2014).

sado 2013 deste certame.

A Cea das Letras serviu así un ano máis para anunciar a obra seleccionada e entregar o seu correspondente premio, que consistiu nunha contía en metálico de 1.000 euros que recibiu a parella gañadora ademais de sendas pezas tradicionais, que foron nesta

ocasión unha fonte e unha xerra, de olería de Buño.

Ademais, o acto incluíu a presentación das obras que foron premiadas na pasada edición do certame e que xa se encontran publicadas en forma de libro pola A.C. Caldeirón, que son “Dominio público” de Ramón Neto e

“Ode á Madison Ivy e outras cousas de meter” de Verónica Martínez, e que recibiron como agasallo a trintena de asistentes ó encontro malpicán, entre eles a concelleira de Cultura, Noelia Freijeiro, e o secretario de Caldeirón, Paco Souto, que foron os encargados de dar a benvida aos convidados e de entregar o premio á parella gañadora.

O arousán Ramón Neto foi tamén así outro dos protagonistas da noite, lendo algúns fragmentos do seu galardoado poemario que viu agora saír á luz con ilustracións de Peter Kramer, e que viaxou a Malpica procedente de Bruxelas onde reside dende hai dezaséis anos e onde forma parte do colectivo Couto Mixto que se dedica á difusión da cultura galega na capital europea.

A xornada do sábado completouse pola tarde no Centro Cívico coa presentación por parte de Caldeirón dos libros “Argola” de Marta da Costa, “Cabana de Balleiros” de Tokio e “Transfusión Océanica” de Xosé Iglesias. ■